

Follas de prevención



www.issga.es

Nº 0 SETEMBRO 2008

O Instituto Galego de Seguridade e Saude Laboral (ISSGA)

UNHA FERRAMENTA DE FUTURO



Hoxe é un día certamente importante para a prevención de riscos laborais en Galicia, e parécenos unha ocasión moi axeitada para facer unha reflexión sobre os resultados obtidos polas organizacións que teñen a responsabilidade de dar respostas no eido preventivo.

O punto de partida non podemos situalo lonxe do 5 de Febreiro de 2007, data na que se asina o Diálogo Social en Galicia, que establece un novo marco nas relacións laborais, e

que entre outros acordos, define por unha banda a estratexia que debemos seguir entre todos para acadar uns niveis de seguridade e saúde que faga fronte ás insoportables cifras de sinistralidade que se están a dar nas nosas empresas e que ameaza, lesiona ou nalgúñas ocasións provoca a morte dos seus traballadores e traballadoras, e pola outra, diseña e crea a ferramenta que debe ser quen de levar a cabo estas políticas de mellora da seguridade e da saúde.

Como contactar:

POR MEDIO DA PÁXINA WEB, OU BEN DIRIXÍNDOSE AOS SEGUINTEs ENDEREZOS:

Sede Central do ISSGA

Complexo Administrativo S. Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 018,
issga@xunta.es

Centro de Seguridade e Saúde Laboral do ISSGA na Coruña

Avda. Monserrat s/n. 15006 A Coruña
Tel.: 981 182 329, Fax: 981 182 332,
segur.hixiene.coruna@xunta.es

Centro de Seguridade e Saúde Laboral do ISSGA en Lugo

Ronda de Fingoi, 170. 27071 Lugo
Tel.: 982 294 300, Fax: 98 294 336,
segur.hixiene.lugo@xunta.es

Centro de Seguridade e Saúde Laboral do ISSGA Ourense

Camiño de Prado Lonía, s/n
32872 Ourense
Tel.: 988 386 395, Fax: 988 386 222,
segur.hixiene.ourense@xunta.es

Centro de Seguridade e Saúde Laboral do ISSGA en Pontevedra

A Regasenda s/n 36812 Rande.
Redondela. Pontevedra.
Tel.: 886 218 100, Fax: 886 218 102,
rande@xunta.es



Esta publicación pódese descargar dende www.issga.es



Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Pontevedra

Evidentemente, estámonos a referir ao INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA), que nace coa firme vontade de xuntar os esforzos que no eido da Prevención están a facer a Administración, as organizacións empresariais e as organizacións sindicais, membros natos da Comisión de Goberno do ISSGA, que como se ten definido en máis dunha ocasión, ten que ser a cabeza e o corazón das accións preventivas que se deben levar a cabo na nosa comunidade para acadar unhas cotas de benestar, seguridade e saúde para todos os traballadores e traballadoras galegas no seu máis amplo sentido e non só as que afectan á saúde física.

A lei 14/2007 do 30 de Outubro, de creación do INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA), configúrao como un organismo autónomo que, con personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar, ten por obxecto a mellora das condicións de traballo para evitar, ou no seu defecto, controlar na orixe os riscos inherentes ao traballo. Igualmente o proxecto busca impulsar a acción do Instituto mediante a ampliación dos seus fins e funcións e a procura da ampliación dos seus medios e da especialización e formación do seu persoal.

O novo Instituto nace co respaldo da súa aceptación social e co propósito de servir de canle para o encontro e a participación de todos os sectores da sociedade, en especial os interlocutores sociais, así como a colaboración con aqueles organismos estatais e internacionais, orientados aos mesmos fins, pois soamente desde o coñecemento e a participación da sociedade poderán ter froito as políticas e as accións dirixidas a incidiren sobre a conciencia colectiva da sociedade.

Entre os moitos esforzos que lle quedan por facer ao ISSGA, segundo esta Lei, e baixo os

obxectivos indicados no Plan Estratéxico 2006-2010, está o de dar resposta tamén a campos que en ocasións se consideraban se cadra moi difusos e tradicionalmente estaban bastante relegados dos obxectivos de traballo dos profesionais da prevención como é o caso dos riscos emerxentes.

Factores laborais que inciden dun xeito moi directo nos trastornos psicosociais e ergonómicos que se presentan no traballo das empresas, e que sen desprazar aos riscos tradicionais, comezan a facerse cada día máis evidentes e a ter unha faciana propia e teimuda que nos obriga a formular respostas específicas. O estrés, o acoso laboral, o síndrome do queimado, os trastornos músculo esqueléticos, etc., non son máis que novas maneiras de presentárense as consecuencias do traballo, e que inciden de xeito directo sobre os nosos traballadores e traballadoras.

Outro dos eidos nos que o ISSGA cómpre que se esforce, porque así o define o Plan Estratéxico e asemade o demanda a realidade, é a posta en práctica das políticas específicas deseñadas para que favorezan a integración da saúde laboral dende unha perspectiva de xénero, sen menosprezar os riscos das mulleres traballadoras e considerando seriamente os aspectos de xénero



Centro de Seguridade e Saúde Laboral de A Coruña

nas avaliacións de riscos incluíndoos como parte integrante das políticas preventivas.

Fomentar que os plans de prevención contemplen as especificidades das condicións de traballo e saúde das mulleres, prestando atención diferenciada aos traballos feminizados, que en Galicia son moitos, basicamente na pequena e mediana empresa, e nunha mancha de traballos cinguidos a actividades diferentes, é un dos retos que temos por diante.

Así mesmo, outro paso importante na estratexia xeral do INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA), terá que ser o avance imprescindible na integración da prevención no proceso produtivo e en todas as súas fases, asumindo este reto e interiorizando a súa obriga permanentemente por parte de todos os traballadores e traballadoras e iniciándose tal decisión na cúpula directiva da organización empresarial, que debe ser quen de transmitir e remarcar en todas as súas actuacións que a prevención é unha das políticas importantes na planificación da produción e asumindo a Responsabilidade Social Empresarial como unha das divisas da estratexia empresarial.

Aumentar o número de empresas socialmente responsables aumentará de xeito exponencial a mellora das condicións de traballo e polo tanto os niveis preventivos da poboación traballadora.

Hoxe en día xa non abonda con producir cos menores custos e coas maiores marxes, porque a evolución da sociedade industrial, demanda atención prioritaria á mellora do status dos seus traballadores e traballadoras, mellorando as súas condicións de traballo e declarando como obxectivo absolutamente prioritario, unha loita sen descanso contra a sinistralidade laboral, que é a maior lacra contra a que temos que loitar.

O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA), ten que perseverar nas actuacións que hoxe en día abafan as estatísticas de accidentalidade, desenvolvendo estratexias de traballo nos sectores de actividade que son máis escandalosos porque acumu-



Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Ourense

lan a maioría dos sinistros laborais e por iso o ISSGA ten desenvolvidos Plans Sectoriais de Prevención na pesca, no sector agrogandeiro e forestal, nas grandes obras e un plan permanente de loita contra a sinistralidade laboral que se ven desenvolvendo dende anos pasados conforme ás indicacións contidas no Plan Estratéxico 2006 – 2010, así como outras moitas accións destinadas ao control das enfermidades profesionais (amianto, silicose, hipoacusias, etc.) e que son levadas a cabo polos departamentos de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo do ISSGA.

Como dicíamos antes, vimos de fabricar unha ferramenta imprescindible para axudar neste eido, a ferramenta de futuro que deseñaron os axentes implicados na prevención, o INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA). Agardamos que as pretensións creadas co seu nacemento se cumpran, e poidamos ter a percepción de sentirmonos un pouco máis seguros dende hoxe.



Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Lugo

■ Que é o ISSGA

O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA), é un Organismo Autónomo da Xunta de Galicia, adscrito organicamente á Consellería de Traballo, con presuposto e capacidade xurídica de seu, que ten como misión, a coordinación das políticas que en prevención de riscos laborais establezan os poderes públicos da Xunta de Galicia, realizando tarefas de información, formación, divulgación, asesoramento e control técnico preventivo en materia de seguridade e saúde laboral.

Asemade propiciará colaboracións coas autoridades laboral e xudicial, Inspección de Traballo e Seguridade Social, sindicatos, empresarios, e calquera outra en materia de prevención de riscos laborais.

■ Quen o dirixe

Na actualidade o director do instituto é Miguel Martínez Losada, persoa de antiga e recoñecida solvencia no campo da prevención de riscos laborais.

As directrices do ISSGA, son marcadas pola COMISIÓN DE GOBERNO, órgano tripartito formado pola Administración nas súas vertentes de Relacións Laborais, Sanidade e Innovación e Industria, e polas organizacións sindicais (CCOO, UGT, CIG), e as organizacións empresariais representadas pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), que ten como misión, establecer os criterios e as liñas xerais de actuación en materia de prevención de riscos laborais segundo os plans e programas establecidos pola Xunta de Galicia, así como aprobar o orzamento anual e o plan anual de actividades do ISSGA.

■ Quen o creou

É froito do DIÁLOGO SOCIAL instaurado entre a Xunta de Galicia e os interlocutores sociais (sindicatos e empresarios) que tentan desenvolver unha nova forma de colaboración en materia de relacións laborais. O Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais e máis a creación do INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL, son dous dos acordos programáticos neste eido.

■ Onde está

A sede central do INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA), atópase en instalacións anexas á Consellería de Traballo no Edificio Administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela.

Ademais o ISSGA conta cos Centros Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral instalados nas catro provincias galegas, que xa son amplamente coñecidos en toda Galicia.

Servizos centrais do ISSGA

